Chamaecyparis lawsoniana (A. Murray bis) Parl., 2010

- ciprés de Lawson, alcipreste de L.
- ciprés de Lawson, cedro de Oregón
- Lawson altzifre
- xiprer de Lawson
- Lawson cypress
- cedro-do-Oregão, cedro-branco, cipreste-de-Lawson



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX | ES | CR | EP | VU | **CA** | PM

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISIÓN	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Tracheophyta	**Pinopsida**	**piñales**	**Cupressaceae**	***Chamaecyparis***

ORIXE

Suroeste de Oregón e extremo noroeste de California, nos Estados Unidos.

CARACTERÍSTICAS

Árbore que pode alcanzar os 60 m de altura, cunha copa cónica e un linde terminal sempre inclinado, característico. A codia é de cor marrón brillante, con fisuras lonxitudinais profundas e irregulares. Follas escamosas dispostas en catro fileiras imbricadas, as laterais con puntas cara a arriba, de cor verde clara, cun envés lixeiramente abrancazado. Inflorescencias masculinas de cor carmín e as femininas de cor verde azulada. Conos globosos, con pedúnculos curtos, de 8 a 10 mm de diámetro, de cor verde que se volven marróns ao maduraren; teñen de 8 a 10 escamas peltadas, cada unha con 2-4 sementes aladas. Florece de marzo a maio.

HÁBITAT

Concas glaciares, ao longo de regatos, terrazas e en ladeiras de montaña dende posicións de pendente inferior a superior. Dende o nivel do mar ata os 1950 m de altitude.

DISTRIBUCIÓN

Atópase en maior abundancia a uns 60 km da costa do Pacífico. Máis cara ao interior, a súa distribución é irregular e limítase principalmente a lugares con suficiente humidade do solo.

CURIOSIDADES

Malia a diminución da súa dispoñibilidade, a importancia cultural do ciprés de Lawson segue a ser alta dadas as súas características físicas e estruturais, o seu aspecto distintivo e o seu aroma.